

O SOFTWARE LIBRE NAS ENTIDADES DE GALIZA

2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

O SOFTWARE LIBRE NAS ENTIDADES DE GALIZA



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

FICHA TÉCNICA

Universo: 8.652 pequenas e medianas empresas, 710 empresas informáticas, 588 centros de ensino e 117 concellos de máis de 5.000 habitantes. Todas estas entidades están dentro do territorio galego.

Tamaño da mostra: 450 entrevistas a pequenas e medianas empresas, 225 a empresas informáticas, 253 a centros de ensino, e 100 a concellos.


Tipo de mostra: Polietápica. Nun primeiro momento segmentouse a mostra en función de distintas variables. Nalgunha das mostras foi preciso realizar unha ponderación para o análise dos resultados dado que a asignación da mostra non foi proporcional. Nun segundo momento a selección das unidades informantes foi realizada de maneira aleatoria proporcional, en tanto que os entrevistados foron seleccionados en función da súa maior responsabilidade ou coñecemento en materia informática.

Erro da mostra: No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas), o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é de $\pm 4,6\%$ para as pequenas e medianas empresas, $\pm 5,5\%$ para as empresas informáticas, $\pm 4,7\%$ para os centros de ensino, e $\pm 3,8\%$ para concellos.

Tipo de entrevista: Telefónica asistida por ordenador. Sistema CATI Bellwiew.

Traballo de campo: Do 22 de setembro ao 24 de outubro de 2008.

ENTIDADES CON SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Total de entidades.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

En todas as entidades analizadas aumenta a presenza do software libre nos equipos informáticos durante o período 2006-2008. Nas empresas informáticas, centros de ensino, e concellos hai unha maior implantación do software libre ca nas pequenas e medianas empresas.

APLICACIONES DE SOFTWARE LIBRE EMPREGADAS NAS ENTIDADES. 2008.




Base: Total de entidades.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

As aplicacións de software libre máis empregadas no conxunto das entidades son as relacionadas coa ofimática e a navegación por Internet. A continuación, destacan as aplicacións relacionadas coa xestión do correo electrónico e a seguridade. Nas empresas informáticas hai un presenza máis destacada das aplicacións relacionadas coa xestión de contidos web, desenvolvemento de software e traballo en grupo.


NIVEL DE SATISFACCIÓN DAS ENTIDADES CO USO DO SOFTWARE



Base: Entidades que usan software libre/Entidades que usan software propietario.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

O nivel de satisfacción co uso do software libre é maior ca do uso do software propietario en todos os tipos de entidades. A puntuación maior para o software libre é outorgada polas empresas informáticas (8,1) e a menor polos centros de ensino (7,1)

PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NAS ENTIDADES. 2008.




Base: Entidades que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

Case o 70% dos concellos e centros de ensino que usan software libre consideran que o seu uso aumentará nos próximos anos. Esta porcentaxe baixa ao 53,2% nas empresas informáticas, mentres que nas pequenas e medianas empresas a porcentaxe dos que cren que aumentará (45,2%) é moi similar á dos que pensan que se manterá estable (44,2%).

MOTIVOS POLOS QUE AS ENTIDADES NON USAN SOFTWARE LIBRE. 2008.




Base: Entidades que non usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

O descoñecemento ou a falta de información é o motivo máis sinalado polas pequenas e medianas empresas, centros de ensino e concellos para non usar o software libre. En cambio, nas empresas informáticas a principal causa é a incompatibilidade co sistema que teñen instalado na actualidade.

FORMACIÓN EN SOFTWARE LIBRE AO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES INFORMÁTICAS. 2008.




Base: Total de entidades.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

Os concellos, empresas informáticas e centros de ensino facilitaron formación informática aos encargados desta actividade nunha porcentaxe similar, arredor do 30%. Esta proporción descende notablemente nas pequenas e medianas empresas, 8,2%.

ESTIMACIÓN DA EVOLUCIÓN DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO. 2006-2008.




Base: Total de entidades.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

O 87,7% dos concellos e o 87,6% dos centros de ensino consideran que a presenza do software libre no mercado tenderá a aumentar. Esta proporción descende nas empresas informáticas (74,3%) e nas pequenas e medianas empresas (65,8%).

PRINCIPAIS ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS ENTIDADES. 2008.



Base: Total de entidades.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

A formación aos usuarios é considerada como a acción máis eficaz á hora de promocionar o software libre por parte dos concellos e centros de ensino. En cambio, para as pequenas e medianas empresas e as empresas informáticas a acción máis eficaz é a demostración de produtos de software libre.

CONCLUSIÓN

- A presenza do software libre nas empresas informáticas, centros de ensino e concellos sitúase entre o 69,3% das primeiras e o 64,6% dos últimos, moi por riba das pequenas e medianas empresas (33,6%). En todas as entidades aumentou a presenza do software libre durante o período 2006-2008.
- As aplicacións de usuario son os produtos de software libre máis empregados por parte de todas as entidades, sobre todo as relacionadas co navegador de Internet e ofimática.
- O nivel de satisfacción co uso do software libre acada unha puntuación por riba do 7 en todas as entidades, superando a valoración acadada polo software propietario. Ademais, as entidades prevén que o seu uso aumentará nos próximos anos, así como a súa presenza no mercado. Estas dúas afirmacións teñen maior intensidade nos concellos e centros de ensino ca nas pequenas e medianas empresas e empresas informáticas.
- O descoñecemento ou a falla de información é a principal causa pola que as empresas, concellos e centros de ensino non usan o software libre. En cambio, nas empresas informáticas o principal motivo é a incompatibilidade co sistema instalado nos seus equipos informáticos.
- A formación en software libre do persoal encargado das actividades informáticas sitúase arredor do 30% para as empresas informáticas, concellos e centros de ensino. Esta porcentaxe descende nas pequenas e medianas empresas (8,2%).
- A demostración de produtos de software libre é a principal acción recomendada para promover o seu uso dentro das pequenas e medianas empresas e empresas informáticas. Pola súa banda, a acción máis sinalada polos concellos e centros de ensino é a formación en software libre aos usuarios informáticos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

COLABORA



mancomun

Centro de Referencia e Servizos de Software Libre

